Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión ordinaria da Xunta de Goberno, que se celebrará o día 18 de outubro de 2024, ás 12:00 horas na Sala de Comisións da Deputación Provincial.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 18/2024, de 4 de outubro.

Asesoría Xurídica

2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos xudiciais.

3. Dación de conta das Resolucións da Presidencia polas que se dispón a comparecencia en procedementos concursais.

Servizo de Asistencia Técnica a Concellos

4. Aprobación dun informe sobre o Plan especial de protección, ordenación, infraestruturas e dotacións de Veigue, en Sada.

5. Aprobación dun informe sobre o proxecto de Acondicionamento de trazado da estrada AC-421 en Agualada. Coristanco.

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica

6. Dación de conta da Resolución de Presidencia número 2024/37000 de data 17/09/2024 pola que se dispón avocar a competencia para a aprobación das bases reguladoras do programa de axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas consolidadas con máis de 5 anos de antigüidade (Liña 2.7. PEL-AUTÓNOMOS/AS 2024) e aprobar as devanditas bases reguladoras.

7. Dación de conta da Resolución de Presidencia número 2024/41406 de data 11/10/2024 pola que se dispón avocar a competencia para a aprobación das bases reguladoras do programa de subvencións a concellos para limpeza de praias marítimas no 2025 (MA100/2025) e aprobar as devanditas bases reguladoras.

**RPT-7170266

8. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022 prórroga 2024 de subvencións nominativas para o "Desenvolvemento de diversas actuacións artísticas dentro do festival Noroeste" ao Instituto Municipal Coruña Espectáculos, e para a realización da "XXIV OENACH Atlántico 2024" ao Concello de Narón, proposta pola Sección de Promoción Económica e Desenvolvemento Turístico do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego.

9. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022 prórroga 2024, da subvención nominativa ao programa "As Elixidas: Encontro Internacional de Mulleres Electas" realizada polo Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica.

10. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022 prórroga 2024, da subvención nominativa ao Proxecto Voz Natura 2024 realizada polo Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición Ecolóxica.

11. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022 prórroga 2024, da subvención nominativa ao concello de Arzúa para a realización da 49 edición da Feira do Queixo de Arzúa.

12. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022, prórroga 2024, da subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela para o sostemento dos centros socioculturais do ámbito rural.

13. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022, prórroga 2024 , de subvención nominativa á Asociación CULTURGAL para a realización da "Feira das industrias culturais de Galicia (Culturgal 2024)".

14. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022, prórroga 2024, de subvención nominativa ao Concello de Santiago de Compostela, para o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche.

15. Aprobación da proposta de inclusión no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña 2020-2022, prórroga 2024, de subvención nominativa á Universidade de Santiago de Compostela, para a realización do informe completo "A Economía Galega. Informe 2023".

Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

16. Dación de conta da Resolución da Presidencia número 2024 / 40724 de data 10 de outubro de 2024 pola que se dispón avocar a competencia para a aprobación das Bases reguladoras do programa de subvencións dirixido a concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña para a realización de actividades de promoción económica durante o ano 2025 e aprobar as ditas Bases.

17. Dación de conta da Resolución da Presidencia número 2024 / 40725 de data 10 de outubro de 2024 pola que se dispón avocar a competencia para a aprobación das Bases reguladoras do programa de subvencións dirixido a concellos da provincia da Coruña para socorrismo durante o ano 2025 e aprobar as ditas Bases.

Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos

18. Aprobación das bases específicas da convocatoria dunha (1) praza de técnico/a de xestión de proxectos (A1) correspondente á Oferta de Emprego Público 2021 da Deputación Provincial da Coruña.

ROGOS E PREGUNTAS